

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	O VICEDO
Edificio	Igrexa de Santa María de Cabanas
Dirección	Lugar da Igrexa, 5. 27868
	43.628004 -7.687758
Protección	
Descrición	Igrexa de planta rectangular, fabricada con muros de cachotería graanítica e pizarrosa rebocada de cal con sillería nas partes máis nobres, cuberta a dúas augas de pizarra na nave. Construída por orde do bispo de Mondoñedo e custeada por Fernán Pérez de Andrade, non se sabe con exactitude cando comezaron as obras (crese que no ano 1392) nin cando remataron, aínda que si hai constancia de que, ao menos no ano 1446, xa estaba en plena actividade tal como se desprende dun documento no que se le: “Fernán López, clérigo de Santa María de Cabannas”. Da obra oxival só queda a nave cos brasóns dos Andrade, así como un xabaril (símbolo da mesma familia) situado nun ángulo do aleiro do pórtico cunha cruz lobulada no lombo. O adro e o campanario adosado ao frontis datan do século XVIII. No interior, capela maior con cúpula semiesférica, arco triunfal de medio punto, pía bautismal oxival e retábulo maior salomónico, tamén do século XVIII. É de destacar o escudo que hai no tímpano da portada coa inscrición “+ ER(N)ANDO P(ERE)S/DANDRADE MANDOU FAZ/ER C(OA) S(UA) AJU(DA)” que, xunto co de Riobarba, constitúen dúas importantes testemuñas de tímpanos heráldicos dada a súa pouca frecuencia en Galiza.
Campás	3 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	13-03-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Campanil	Campanil	ANÓNIMO (GALICIA)	1767	40	37

Torre-campanario	Menor.	MANCHADO, JACINTO	1997	66	166
Torre-campanario	Inmaculada Concepción	MANCHADO, JACINTO	1997	79	285

Información completa: [Igrexa de Santa María de Cabanas - O VICEDO \(GALICIA\)](#)

PDF (14-05-2026)